

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 8**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 1 de XULLO de 2020, ás NOVE HORAS, por vídeo conferencia e presencial no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria do 26.02, extraordinaria do 9.03, extraordinaria e urxente do 16.04 e extraordinaria e urxente do 29.04.2020)
- 2.-** Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBIQ. Rexistro Pleno 2470/1101.
- .- Mocións:**
- 3.-** Moción do grupo municipal Mixto, instando á Xunta e ao Concello axudas de xeito urxente para o sector do comercio e hostalería local, antes do inicio da campaña de verán. Rexistro Pleno 2459/1101.
- 4.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a desmarcarse da posición política do PP europeo e dos europarlamentarios españois do PP, contrarios a que España reciba fondos da UE para a reconstrución económica. Rexistro Pleno 2465/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a rectificar de inmediato na proposta do cheque regalo de 250 euros ao persoal sanitario e atender as súas demandas laborais, cesando ao Conselleiro de Sanidade e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2466/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a manifestarse publicamente de forma explícita en apoio ao Aeroporto de Peinador, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2467/1101.
- 7.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Presidente da Xunta de Galicia a que os seus representantes no Padroado do IFEVI voten

favorablemente á integración do Consorcio da Zona Franca de Vigo en dito Padroado. Rexistro Pleno 2468/1101.

- 8.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á Xunta de Galicia, a dotar de equipos informáticos e conectividade, para o próximo curso, a tódolos nenos/as que o precisen, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2469/1101.

### **PARTE DE CONTROL**

- 9.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía (do 27.04 ao 17.05). Expte. 812/1102 (Rexistro Pleno 2452/1101).
- 10.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as (do 27.04 ao 17.05). Expte. 813/1102 (Rexistro Pleno 2453/1101).
- 11.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía (do 18.05 ao 21.06). Expte. 837/1102 (Rexistro Pleno 2454/1101).
- 12.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as (do 18.05 ao 21.06). Expte. 838/1102 (Rexistro Pleno 2455/1101).

#### **.- Mocións.**

- 13.-** Moción do concelleiro membro non adscrito, instando ao goberno local á retirada do busto de Juan Carlos I do acceso principal á Casa Consistorial e o cambio de nome da Praza do Rei. Rexistro Pleno 2461/1101.
- 14.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno local que apoie e deixe de poñer obstáculos ás medidas e investimentos da Xunta de Galicia en Vigo. Expte. 2464/1101.

#### **15.- Formulación de rogos.**

#### **16.- Formulación de preguntas.**

### **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes conclusos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA, por vídeo conferencia e presencial, estarán no

salón de Plenos o Alcalde, os voceiros dos grupos municipais, membro non adscrito e os Tenentes de Alcalde, ás **NOVE HORAS** do día UN, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.